

RESOLUCIÓN DA ALCALDESA-PRESIDENTA

Dado que ao Concello lle foron concedidos os cursos de Coidador de Discapacitados Físicos e Psíquicos, Deseñador Web e Multimedia, Monitor Deportivo e Monitor de Educación Ambiental, ao abeiro da *Orde do 28 de decembro de 2009 pola que se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009*, e que a Xunta de Goberno do día 24 de agosto acordou realizar unha convocatoria para a selección dos docentes, resolvo facer a convocatoria pública, a través dun anuncio na prensa, para a selección dos seguintes postos:

- Docente dos módulos específicos do curso Deseñador Web e Multimedia
- Docente dos módulos específicos do curso Monitor Deportivo
- Docente dos módulos específicos do curso Monitor de Educación Ambiental

BASES DE SELECCIÓN:

1.- A selección levarase a cabo mediante concurso de méritos, e unha entrevista persoal, e poderán presentarse tódalas persoas que o desexen, reúnan os requisitos xerais para o acceso ao emprego público conforme ao Estatuto Básico do Empregado Público (Ley 7/2007) e estean en posesión de:

- a) Nivel académico: titulación universitaria ou, no seu defecto, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionada co curso.
- b) Experiencia profesional: deberá ter 3 anos de experiencia en tarefas relacionadas coa ocupación.
- c) Nivel pedagóxico: será necesario ter formación metodolóxica ou experiencia docente.

2.- As persoas interesadas nesta contratación deberán presentarse no Concello de Vilagarcia nas seguintes datas e horas:

- Docente dos módulos específicos do curso Deseñador Web e Multimedia, o día 3 de setembro, ás 10 horas.
- Docente dos módulos específicos do curso Monitor Deportivo, o día 1 de setembro, ás 10 h.
- Docente dos módulos específicos do curso Monitor de Educación Ambiental, o día 1 de setembro, ás 12 h.

Se lles realizará nunha entrevista, debendo aportar/entregar os candidatos/as no mesmo acto:

- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Xustificante da titulación esixida.



- Currículum vitae e xustificantes dos méritos que aleguen para ser valorados polo Tribunal. Con relación- resumo dos mesmos segundo o baremo recollido nas presentes bases.

3.- A composición da Comisión seleccionadora para cada posto axustarase ao disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: Un funcionario de carreira do Concello de Vilagarcía de Arousa
- Vocais: (3): Tres empregados/as municipais.
- Secretaria/o: A do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír grao de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e toma los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servicio, categoría primeira.

4.- O Tribunal avaliará os méritos que aleguen os aspirantes, debidamente xustificados, conforme o seguinte baremo:

1 - Por titulación universitaria relacionada coa ocupación do curso, 1 pto.

2 - Por servizos prestados como Deseñador Web e Multimedia, Monitor Deportivo ou Monitor de Educación Ambiental (unicamente se valorarán os servizos específicos do posto ao que se presente o candidato):

- na Administración Pública: 0,5 puntos por cada ano de traballo.
- en institución ou empresa privada: 0,25 puntos por cada ano de traballo.

o Ata 2 puntos como máximo.



3.- Por cursos impartidos de formación ocupacional relacionados coa actividade:

- En institucións públicas, 1 pto. por cada 100 h. impartidas.
- En institucións privadas, 0,5 ptos. por cada 100 h. impartidas.

- o Ata 3 puntos como máximo.

4 - Por asistencia a cursos, publicacións, becas, premios, estudos, traballos de investigación, etc), serán avaliados polo Tribunal da seguinte forma:

- En materias relacionadas coa actividade (0.10p por curso de 8 horas), ata un máximo de 1 punto.
- Por ter o Curso de Aptitude Pedagóxica ou o Curso de Formador de Formadores, 2 puntos. (Avaliarase soamente un destes.)

5 - Por te-lo curso de iniciación á lingua galega (CELGA 3): 0,50 puntos. No caso de te-lo curso de perfeccionamento (CELGA 4), puntuarase globalmente con 1,00 puntos.

5- A entrevista persoal versará sobre o currículum vitae presentado e coñecementos en relación ó servizo e traballos a realizar, e será avaliada polo Tribunal ata un máximo de 10 puntos.

6.- A cualificación da proba selectiva será a suma das puntuacións obtidas por cada aspirante no concurso de méritos e na entrevista, e o Tribunal proporá para a súa contratación ó aspirante que acadara a maior puntuación global. Así mesmo formulará lista ordeada dos candidatos coa que se formará unha bolsa de traballo.

7.-O aspirante que resulte seleccionado comezará a prestar servizos o día que se lle indique pola Alcaldía.

8.- Para o caso de que o aspirante seleccionado rexeitase a contratación ou renunciase posteriormente procederíase a realizar o ofrecemento segundo a orden da lista resultante do proceso de selección.

Vilagarcía de Arousa, 25 de agosto de 2010.

A Alcaldesa-Presidenta

A Secretaria Xeral

M^a Dolores García Giménez

Rosa Losada Suárez